

CUESTIONARIO COMTE POSITIVISMO

1. Explica *a lei dos tres estadios*: ¿cales son os tres estadios dos que fala Comte?, ¿cal é a característica principal de cada un dos estadios a nivel do coñecemento ou saber e a nivel social e político?, ¿que visión da historia da humanidade transmite a lei dos tres estadios?
2. ¿Que é *o positivo*?, ¿que saber aporta un coñecemento verdadeiro: a relixión, a filosofía ou a ciencia? ¿que é aquilo no que se debe centrar o estudo científico?, con outras palabras, ¿cales son as características do obxecto de estudo da ciencia?, ¿que podemos entender por *ciencia positiva*?
3. ¿A ciencia é unha actividade individual ou unha empresa colectiva?, ¿que papel debe xogar a ciencia na sociedade?, ¿que outras funcións, aparte das estritamente científicas, deberían asumir os científicos?
4. Aplicando as ideas clave da filosofía positivista á psicoloxía: ¿en que se debe centrar a psicoloxía?, dito doutro xeito, ¿cal debe de ser o obxecto de estudo da psicoloxía como unha ciencia positiva?; dende unha perspectiva positivista, ¿que temas ou asuntos no ámbito da psicoloxía quedarían fora do tratamento científico?, ¿os temas tradicionais da época clásica grega e da filosofía moderna, como a alma, as paixóns, ou o pensamento, serían obxecto de estudo da ciencia psicolóxica, ¿e os soños ou o inconsciente de Freud?, ¿por que motivo?